

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 6 DE SETEMBRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 08:35 horas do día 6 de setembro de 2019, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 3 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. José Ignacio Oliveira López, xefe do Servizo de Museos (asiste aos puntos 2, 4 e 6)
D. Óscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 7, 9, 10 e 11a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación da póliza de seguros para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á Concellería de Cultura (2.357-341)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Así mesmo, lémbrese que por acordo da Mesa do 30 de agosto de 2019, concedeuse un prazo de tres días a AXA ART VERCICHERUNG AG SUCURSAL EN ESPAÑA para que puidese achegar a pegada dixital coincidente co sobre electrónico presentado para os efectos da súa descriptación. Durante o prazo concedido, o 3 de setembro de 2019, o licitador presentou a seguinte documentación: a pegada dixital xa presentada (non coincidente co sobre electrónico), DEUC, Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares e proposición económica.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento a MAPFRE ESPAÑA, S.A. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 19:11	Páxina 1 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AD47-E3B9BC-EECA59-2MCPTD-1DZJYJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

particulares (PCAP) para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

- b) Non admitir a AXA ART VERCICHERUNG AG SUCURSAL EN ESPAÑA neste procedemento por non cumprir cos requisitos de presentación das proposicións recollidos na cláusula 14 do PCAP ao non ter presentado a pegada dixital coincidente co sobre electrónico que permita a súa descriptación e por ter vulnerado o segredo das proposicións previsto no artigo 139.2 da LCSP (*“As proposicións serán secretas e arbitraranse os medios que garanten tal carácter ata o momento de apertura das proposicións”*).

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.299-341)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A *“Documentación persoal”*, tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
1. SERVICIOS SECURITAS, S.A.
 2. EULEN, S.A.
 3. SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.A.
 4. OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.299-341)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B *“Proposición avaliable mediante xuízo de valor”* dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación da póliza de seguros para as coleccións do patrimonio cultural adscritas á Concellería de Cultura (2.357-341)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C *“Proposición avaliable mediante fórmula”* dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 19:11	Páxina 2 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AD47-E3B9BC-EECA59-2MCPTD-1DZJYJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- MAPFRE ESPAÑA, S.A.

- Propón como prezo total do contrato o de 28.660,50 €.
- Incrementa o límite mínimo por viaxe e/ou expedición sinalado na cláusula cuarta do PPT (600.000,00euros) en 600.000 Euros.
- Inclúe na oferta a cobertura automática para aquelas exposicións temporais organizadas pola Concellería de Cultura do Concello de Vigo, realizadas en base a elementos propiedade de terceiros, baixo calquera réximen de custodia: non
- Inclúe na oferta as seguintes coberturas e/ou derogacións de exclusións a considerar:
 - Inclusión da cobertura para os danos sufridos polos bens asegurados por cambios de temperatura e humidade no ambiente, condensación, influencia progresiva do frío e a calor, danos por cambios de cor producidos pola acción da luz natural ou artificial ou por calquera outra causa: non
 - Inclusión da cobertura para os danos por contaminación, polución ou calquera outro tipo de residuo, así como o custo de extracción dos materiais contaminantes e os gastos para substituír o ben danado: non
 - Inclusión da cláusula de renuncia á subrogación de dereitos, mediante a cal o asegurador renuncia expresamente a subrogarse nos dereitos do asegurado para exercer calquera acción de recobro como consecuencia da indemnización dun sinistro contra embaladores, carrexadores e propietarios da sala que alberga a exposición ou calquera outra persoa ou entidade relacionada co manexo, transporte e instalación das obras aseguradas, excepto cando os danos indemnizados fosen causados por negligencia grave ou conduta dolosa das devanditas persoas ou entidades: si
 - Inclusión da cláusula de exoneración de transportistas, mediante a que a aseguradora exonerará de responsabilidade ao transportista fronte ás mercadorías con suxeición aos seguintes casos: si
 - Operacións de carga, descarga e transporte (non se inclúe neste apartado os danos que as mercadorías poidan causar a terceiros)
 - Sempre que non exista falta grave do transportista.
 - Inclusión da cobertura da Perda de Beneficio derivada da perda de calquera contrato de exposición que poida supoñer para o asegurado un sinistro cuberto en póliza: non
 - Derogación de exclusión correspondente aos danos de todo obxecto cuxo orixe estea en operacións programadas de limpeza, reparación, restauración, ou renovación do mesmo. Non se atoparán excluídos os danos causados pola limpeza diaria executada por persoal propio e/ou subcontratado, deixando á Aseguradora o dereito de repetición: non
 - Derogación de exclusión correspondente aos danos causados pola ausencia de embalaxe ou por unha embalaxe inadecuada ás características do obxecto asegurado cando estes se atopen almacenados na situación ou situacións de risco indicadas: non



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 19:11	Páxina 3 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AD47-E3B9BC-EECA59-2MCPTD-1DZJYJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Derogación de exclusión correspondente os danos producidos cando no momento do sinistro os obxectos asegurados non tivesen as medidas de seguridade e proteccións declaradas ou as mesmas estean inoperativas: non

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto mixto para a contratación das obras de soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria e do servizo de mantemento das instalacións (312-441)

Entrégase o informe asinado polo o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos do 2 de setembro de 2019, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP coa UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - DRAGADOS, S.A. por ter formulado unha oferta incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da rúa de Don Bosco (160-441)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos do 2 de setembro de 2019, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por ter formulado ofertas incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

- CIVIS GLOBAL, S.L.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
- DRAGADOS, S.A.
- UTE ORECO, S.A.U. - ELECTRICIDAD EYP

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Cantabria" (233-441)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos do 2 de setembro de 2019, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. por ter formulado unha oferta incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 19:11	Páxina 4 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AD47-E3B9BC-EECA59-2MCPTD-1DZJYJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441) (lote 3)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos do 2 de setembro de 2019 de valoración do sobre C *"proposición avaliada mediante fórmula"* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Abade Juan de Bastos - Matamá" (234-441)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos do 3 de setembro de 2019 de valoración do sobre C *"proposición avaliada mediante fórmula"* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441) (lote 3)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no lote 3 do procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Monte da Mina, campo de fútbol de San Andrés de Comesaña e campo de fútbol das Relfas-Sárdoma (219-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCTORA DE OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A.	98,16
2	MONDO IBÉRICA, S.A.	79,16
3	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	73,99



Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCTORA DE OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A. , para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) xa foi presentada para os lotes 1 e 2”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Abade Juan de Bastos - Matamá" (234-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 11 de xuño de 2019 polo que non se admite neste procedemento a NAROM, S.L. por ter indicado no Documento europeo único de contratación que a súa proposición é para o procedemento aberto para a Construción de beirarrúas na rúa Cantabria (expte. 233-441) e non ter emendado a documentación no prazo concedido.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Abade Juan de Bastos - Matamá" (234-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	97,48
2	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	96,61
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	95,13
4	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	93,81
5	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	93,53
6	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA	92,97
7	SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.	92,90
8	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L.	92,84
9	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DE MIÑO, S.L.	87,32
10	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	85,87
11	CONSTRUCCIONES CASTRO-FIGUEIRO, S.L.	85,82
12	ORECO, S.A.	84,97
13	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	81,52
14	COPCISA, S.A.	20,53



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 19:11	Páxina 6 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AD47-E3B9BC-EECA59-2MCPTD-1DZJYJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Terceiro.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias do Concello de Vigo (81-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias do Concello de Vigo (81-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A concelleira delegada de Contratación con data do 2 de setembro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias do Concello de Vigo (81-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	URBASER, S.A.	92,26
2	FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.	89,75
3	SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L.	82,42
4	SAMAIN SERVICIOS Á COMUNIDADE	43,47



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 19:11	Páxina 7 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AD47-E3B9BC-EECA59-2MCPD-1DZJYJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, URBASER, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, URBASER, S.A., o día 2 de setembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 3 de setembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 6 de setembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar URBASER, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por URBASER, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor de data 27 de xuño de 2019, o informe aclaratorio de erros de transcripción do informe de valoración do 11 de xullo de 2019 e o informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula de data 27 de agosto de 2019.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 19:11	Páxina 8 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AD47-E3B9BC-EECA59-2MCPTD-1DZJYJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a URBASER, S.A. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza da Casa Consistorial e outras instalacións e dependencias do Concello de Vigo (81-441) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 8.403.831,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.458.516,14 euros.*
- b) *Propón como prezo unitario prezo/hora, categoría de limpador/a:*
 - *Na primeira anualidade do contrato de 13,81 euros (sen IVE), sendo a cota correspondente ao IVE de 2,90 euros, o que supón un prezo unitario total de 16,71 euros.*
 - *Na segunda anualidade do contrato de 13,97 euros (sen IVE), sendo a cota correspondente ao IVE de 2,93 euros, o que supón un prezo unitario total de 16,90 euros.*
 - *Na terceira anualidade do contrato de 14,12 euros (sen IVE), sendo a cota correspondente ao IVE de 2,97 euros, o que supón un prezo unitario total de 17,09 euros.*
 - *Na cuarta anualidade do contrato de 14,28 euros (sen IVE), sendo a cota correspondente ao IVE de 3,00 euros, o que supón un prezo unitario total de 17,28 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (22.985-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (22.985-332)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 19:11	Páxina 9 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AD47-E3B9BC-EECA59-2MCPTD-1DZJYJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 13 de agosto de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (22.985-332) na seguinte orde decrecente:

	Licitador	Prezo
1	SCHINDLER, S.A.	33.105,60
2	THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U.	33.861,80
3	ASCENSORES ENOR, S.L.	35.335,87
4	ORONA, S. COOP.	38.054,60
5	ZADOYA OTIS, S.A.	64.069,79

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SCHINDLER, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, SCHINDLER, S.A., o día 13 de agosto de 2019, que presenta a documentación requirida 28 de agosto, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 6 de setembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 19:11	Páxina 10 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AD47-E3B9BC-EECA59-2MCPTD-1DZJYJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SCHINDLER, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adjudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SCHINDLER, S.A., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula de data 31 de xullo de 2019.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adjudicar a SCHINDLER, S.A. o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (22.985-332) por un prezo total de 33.105,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.745,60 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

15.- Criterios de actuación da Mesa

a) Ampliación da orde do día para a inclusión de propostas de adjudicación

Co obxecto de axilizar a tramitación dos procedementos, poderase ampliar a orde do día dunha sesión xa convocada nos supostos de presentación da documentación requirida polo licitador clasificado en primeiro lugar.

b) Prazo para a emisión de informes

En uso das facultades que lle confire o artigo 150 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector público (LCSP), a Mesa de Contratación, para a valoración das proposicións, así como para verificar que as ofertas cumpren coas especificacións técnicas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 19:11	Páxina 11 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AD47-E3B9BC-EECA59-2MCPTD-1DZJYJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

do prego, poderá solicitar informes técnicos aos diferentes servizos municipais.

Na solicitude indicárase que dispoñen dun prazo de dez días para a súa emisión, segundo o previsto no artigo 80.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Nos procedementos abertos simplificados este prazo é de 7 días (artigo 159.4d) da LCSP).

No entanto, cando a complexidade do procedemento ou a concorrencia doutras circunstancias fagan imposible a súa emisión en prazo, o servizo deberá comunicalo á Mesa e informarlle sobre o prazo estimado para a súa emisión, debendo ter en conta os prazos máximos de adxudicación sinalados no artigo 158 da LCSP (no caso de procedementos nos que só se valore o prezo, quince días a contar desde o seguinte ao da apertura das proposicións e no caso de que se valoren unha pluralidade de criterios, ou utilizándose un único criterio sexa este o do menor custo do ciclo de vida, dous meses, agás que se fixase outro prazo no prego de cláusulas administrativas particulares).

A secretaría da Mesa deberá dar conta semanalmente dos procedementos nos que se solicita unha ampliación de prazo, así como daqueles que exceden do prazo máximo fixado para a emisión dos informes.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 09:55 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 19:11	Páxina 12 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AD47-E3B9BC-EECA59-2MCPTD-1DZJYJ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		